

Consello de Contas
de Galicia



**PLAN ANUAL DE TRABAJO
EXERCICIO 2018**

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	3
II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓNS	4
II.1. OBXECTIVOS	4
II.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	5
II.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS	7
II.3.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL.....	7
II.3.2. ÁREA DE CONTA XERAL.....	8
II.3.3. ÁREA DO SERGAS	9
II.3.4. ÁREA DE INSTITUCIONAL	10
II.3.5. ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS	13
III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN	17
III.1. OBXECTIVOS XERAIS	17
III.2. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS	18
IV. OUTRAS ACTUACIÓNS.....	20
V. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	20

I. INTRODUCCIÓN

O Consello de Contas, dependente do Parlamento de Galicia, é o órgano competente para a fiscalización externa da xestión económica, financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como para o asesoramento ao Parlamento de Galicia en materia económico-financieira e para exercer a función de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financieira do sector público da Comunidade Autónoma.

A nova Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do Consello de Contas, atribúe a esta Institución as seguintes competencias en materia de prevención da corrupción: a) colaborar coas Administracións suxeitas ao seu ámbito de actuación e facerlles propostas na elaboración de manuais de xestión de riscos; b) comprobar os sistemas de prevención da corrupción que se poñan en marcha; c) asesorar sobre os instrumentos normativos máis axeitados para prever e reprimir a corrupción; d) fomentar na sociedade civil e, particularmente, no ámbito empresarial a transparencia e o comportamento ético nas súas relacións co sector público.

Conforme ao establecido no artigo 7.3 m) e 10.2 bis da Lei 6/1985, do Consello de Contas, o Pleno da Institución aproba un plan anual de traballo no que se integra o programa de actividades elaborado pola Sección de Prevención da Corrupción. O Regulamento de réxime interior establece no artigo 26 que *“Durante o último trimestre do ano, o Consello de Contas elaborará o plan anual de traballo, que conterá as actuacións a desenvolver no exercicio seguinte, indicando as razóns que motivan a súa realización e o seu ámbito subxectivo, obxectivo e temporal, e no que se integrará o programa de actividades da Sección de Prevención da Corrupción”*.

A actividade do Consello vai manter as liñas de traballo fundamentais seguidas nos últimos exercicios, así como as novas liñas enmarcadas nas funcións asumidas tras a reforma da súa lei reguladora, e que se plasman nos seguintes obxectivos:

- Contribuír á mellora da calidade da actividade económico-financieira pública e ao bo goberno, con especial fincapé na revisión de prácticas que poidan propiciar a fraude e a corrupción, co desempeño dunha actuación fiscalizadora de calidade e co fortalecemento da posición do Consello de Contas.
- Dotar e garantir a máxima calidade dos traballos de fiscalización co deseño dun sistema de control de calidade e a confección dun manual de procedementos, así como coa elaboración de guías de fiscalización.
- Procurar o acercamento temporal da actividade de control ao momento no que se producen os feitos suxeitos á fiscalización e o acurtamento dos prazos de execución.

- Reforzar o control do sector público autonómico e local, con fiscalizacións tanto específicas como horizontais, dando prioridade a aquelas áreas que impliquen maior risco e avanzar nas fiscalizacións do control interno e nas operativas. No control sobre o sector público local realizarase, sen deixar de atender ás fiscalizacións horizontais do control interno dos concellos, a explotación da información contractual do sector público local, e dos reparos e informes formulados pola Intervención e dos acordos adoptados contrarios aos informes do secretario da entidade local.
- Colaborar na implantación no sector público autonómico de sistemas de control de prevención da corrupción que permitan garantir o comportamento ético dos xestores públicos, e fomentar a conciencia e a participación cidadá a favor da transparencia e dese comportamento ético.
- Fomentar a profesionalización do persoal da Institución mediante a mellora continuada da súa cualificación profesional, en función das necesidades que teñen tanto as áreas nas que se estrutura como cada un dos postos de traballo.
- Apostar firmemente pola utilización xeneralizada das Tecnoloxías de Información e Comunicación, e polo impulso do emprego de ferramentas informáticas nos traballos de fiscalización e prevención da corrupción co fin de gañar en eficiencia e produtividade nos traballos desenvolvidos.

II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓNS

II.1. OBXECTIVOS

O programa de fiscalizacións para o ano 2018, enmarcado nas liñas programáticas definidas no punto anterior, ten como prioridade, unha vez máis, a selección de áreas de risco especialmente relevantes na xestión económico-financeira do sector público, que completen ademais a análise efectuada nos informes de Conta Xeral.

Ademais, o Consello intensificará o seguimento das recomendacións da Institución sobre a xestión económico-financeira pública incluídas nos informes de fiscalización, así como das resolucións sobre os mesmos efectuadas polo Parlamento de Galicia. Este seguimento realizarase sobre tódolos informes de fiscalización a partir da información que se recabe dos contadantes, e completarase con outros informes de fiscalización específica de recomendacións que se aproban neste plan anual de traballo. O seguimento das recomendacións verificarase, ademais, no ámbito da Administración autonómica no seo da Comisión Mixta Consello de Contas-Intervención Xeral.

Con carácter transversal, tamén se incorporará á actividade de control a verificación do cumprimento dos principios de transparencia establecidos pola normativa de transparencia e bo goberno e das prescricións que establece a Lei orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se incorporará a tódolos informes de fiscalización.

De forma complementaria ás actuacións en materia de prevención, considerarase na planificación dos traballos de fiscalización a inclusión da avaliación do control interno orientado aos sistemas de prevención, cuxos resultados se incorporarán aos informes.

Nos diferentes traballos de fiscalización, na medida en que os ámbitos de actuación definidos o permitan, atenderanse os acordos do Pleno relativos á toma en consideración das comunicacións ou denuncias de persoas físicas ou xurídicas presentadas no Consello.

II.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS

O Plan anual distingue entre as fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal, as solicitadas polo Parlamento, as previstas en colaboración co Tribunal de Cuentas, e as programadas por iniciativa do Consello de Contas. Coa finalidade de visualizar e dispoñer dunha mellor información sobre o desenvolvemento das actuacións durante el exercicio 2018, e tendo en conta que o proceso de execución das fiscalizacións previstas no plan de traballo realízase ao longo de varios exercicios, preséntase a programación correspondente ao ano natural, na que se incorporan os informes en execución correspondentes a un plan anterior.

Cadro 1. Actuacións de fiscalización programadas

Iniciativa da actuación fiscalizadora	Programa	Ano previsto de aprobación	
		2018	2019
<i>Fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal</i>			
Conta Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2016	2018	✓	
Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2016	2018	✓	
Fondos de Compensación Interterritorial, exercicio 2016	2018	✓	
Análise da rendición das Contas Xerais das entidades locais e notificación do estado de rendición, con proposta de corrección das anomalías detectadas	2018	✓	
Informe da Conta Xeral das entidades locais, exercicio 2016	2018	✓	
Informe do sector público local, exercicio 2016	2018	✓	
<i>Fiscalizacións que se realizan atendendo as recomendacións do Parlamento</i>			
Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2016	2018	✓	
Fiscalización sobre a existencia e cumprimento de cláusulas sociais na contratación pública das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega	2018		✓
Fiscalización das medidas implementadas polas entidades instrumentais da Comunidade Autónoma para favorecer o acceso das pequenas e medianas empresas (PEMES) á contratación pública	2018	✓	
Informe de fiscalización do concerto co Hospital POVISA	2016	✓	
<i>Fiscalizacións en colaboración co Tribunal de Cuentas</i>			
Fiscalizacións selectivas das resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados polas intervencións locais dos concellos de poboación de 50.000 habitantes a 75.000 habitantes. Concello de Ferrol	2018	✓	

Plan anual de Trabajo 2018

Iniciativa da actuación fiscalizadora	Programa	Ano previsto de aprobación	
		2018	2019
Fiscalización das actuacións en materia medioambiental levadas a cabo polos concellos de máis de 10.000 habitantes	2018	✓	
Fiscalización dos plans de racionalización do sector público instrumental da Comunidade Autónoma Galega	2017	✓	
Fiscalizacións programadas a iniciativa do Consello			
Fondos procedentes da Unión Europea, exercicio 2016	2018	✓	
Informe de seguimento da fiscalización do endebedamento autonómico	2018		✓
Informe de fiscalización dos gastos en bens e servizos correntes na Administración xeral da Comunidade Autónoma	2018		✓
Seguimento das recomendacións incluídas no informe de fiscalización da contratación pública, exercicios 2010-2011	2017	✓	
Informe de fiscalización dos gastos de persoal na Administración xeral da Comunidade Autónoma	2017	✓	
Informe de fiscalización do programa de gasto 131A Administración de Xustiza, exercicio 2015	2017	✓	
Informe de fiscalización do programa de gasto 713E Benestar Animal e Sanidade Vexetal	2016	✓	
Informe de fiscalización da execución da contratación do Sergas, exercicios 2012-2014	2018	✓	
Informe de fiscalización do gasto farmacéutico derivado da dispensación de receitas médicas, exercicios 2009-2017	2018		✓
Informe de fiscalización do Plan de asistencia ao ICTUS, exercicio 2016	2018	✓	
Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo	2017	✓	
Informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (exercicio 2010), do Instituto Galego de Oftalmoloxía (exercicio 2011) e da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (exercicio 2012)	2017	✓	
Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial no ámbito do Servizo Galego de Saúde	2017	✓	
Fiscalización dos criterios de adxudicación e da motivación das contratacións realizadas polas entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega	2018		✓
Avaliación e análise da situación económico-financeira-patrimonial e orzamentaria dos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario	2018		✓
Fiscalización das universidades públicas galegas	2017	✓	
Fiscalización selectiva das fundacións do sector público autonómico	2016	✓	
Fiscalización dos contratos de construción e xestión das autovías financiadas mediante peaxe en sombra	2016	✓	
Informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización das cámaras de comercio galegas, exercicios 2010-2011	2017	✓	
Fiscalización do Concello de Ourense, exercicio 2016.Reprogramación.	2016	✓	
Fiscalizacións das resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados polas intervencións locais dos concellos de poboación entre 10.001 e 20.000 habitantes.	2017	✓	

Remate de actuacións do plan anterior e reorientación de traballos:

Non se inclúen no cadro as actuacións que figuraban no plan anterior coa previsión de ser aprobadas no ano 2017, que teñen rematado o seu traballo de campo e se atopan na fase final de elaboración de cara á súa próxima aprobación:

- *Informe de fiscalización do gasto en centros residenciais de atención ás persoas maiores dependentes e persoas con discapacidade*
- *Informe de fiscalización da Conta de Tesourería da Comunidade Autónoma, exercicio 2014*
- *Informe de fiscalización do inventario de bens do Servizo Galego de Saúde*
- *Informe de fiscalización da área de Farmacia Hospitalaria*

O Informe de fiscalización de ingresos non tributarios da Comunidade Autónoma, exercicio 2014, quedou integrado no informe de Conta Xeral de 2014 de acordo coa previsión do Plan anual de traballo 2016, que contemplaba que se os resultados dos traballos non tiveran entidade suficiente para a súa presentación nun informe independente se presentarían integrados no informe da Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

O informe de seguimento das recomendacións formuladas polo Consello de Contas de Galicia en informes de fiscalización dos exercicios 2012-2015 pasa a integrarse na memoria como un apartado de información sobre seguimento de recomendacións de informes anteriores, en atención ao disposto nos artigos 50.1.i) e 51.3 do novo Regulamento de réxime interior do Consello de Contas.

II.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS

II.3.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL

II.3.1.1 Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial, exercicio 2016

Esta fiscalización dá cumprimento á esixencia imposta pola Lei 22/2001, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial (en diante FFCCII), que establece o deber para o Consello de Contas de Galicia de elaborar un informe separado e suficiente de todos os proxectos financiados con cargo aos FFCCII, para sometelo ao control do Parlamento de Galicia.

A fiscalización terá como obxectivos principais a comprobación da legalidade e a regularidade das operacións e a determinación dos índices de execución dos proxectos financiados ou cofinanciados polos FFCCII durante o exercicio 2016.

II.3.1.2 Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea, exercicio 2016

A fiscalización dos Fondos Estruturais, Fondo de Cohesión e os Instrumentos Financeiros, sen prexuízo das competencias que ten atribuídas o Tribunal de Contas Europeo, levarase a cabo polo Consello de Contas, xa que os seus programas de gastos e os seus recursos constitúen unha parte cuantitativa e cualitativa moi relevante dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O traballo desenvolverase para dar cumprimento a un dobre obxectivo: a auditoría financeira, que terá por obxecto a análise de conformidade sobre se as contas asociadas á execución dos Fondos Europeos que recibe Galicia presentan unha información completa e exacta das operacións desenvolvidas no exercicio 2016; e, por outra banda, a fiscalización de cumprimento da legalidade dos proxectos financiados con Fondos Europeos

II.3.2. ÁREA DE CONTA XERAL

II.3.2.1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e declaración definitiva correspondente ao exercicio 2016

O artigo 25 da Lei 6/1985, do Consello de Contas, sinala que “O Consello de Contas, por delegación do Parlamento de Galicia, procederá ao exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma dentro do prazo de 6 meses, a partir da data na que se rendera. O Pleno ditará a declaración definitiva que lle mereza para elevala ao Parlamento...”.

Os obxectivos deste informe son verificar se a información rendida é completa e permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable da situación e actividade dos centros públicos da Administración da Comunidade Autónoma, determinar se a Conta da Administración reflicte razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento; e ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración, completando o contido das contas nos casos nos que se estime necesario.

Un obxectivo específico é incorporar a este informe aspectos da análise do gasto consolidado de todo o sector público autonómico, de cara a ir conformando un informe de Conta Xeral do sector público autonómico.

II.3.2.2. Informe de fiscalización dos gastos en bens e servizos correntes na Administración xeral da Comunidade Autónoma

Seguindo o camiño iniciado no plan anterior coa fiscalización dos gastos de persoal, abórdase neste plan a fiscalización dos gastos en bens e servizos correntes na Administración xeral da Comunidade Autónoma. Trátase de profundizar na análise deste gasto realizada na Conta Xeral da Comunidade Autónoma e nas medidas adoptadas en materia de contención daquel.

O ámbito subxectivo estará referido á Administración xeral, sen prexuízo do cómputo do gasto no ámbito agregado do sector público autonómico.

O ámbito obxectivo abarcará a evolución global e por tipoloxía (prestacional e de funcionamento) do gasto nos últimos exercicios, realizando unha análise comparativa con outras CCAA; os procesos de planificación deste gasto no contexto da racionalización dos últimos anos e a análise da eficacia das medidas de axuste aprobadas, a racionalidade do gasto dalgúns conceptos, como o de arrendamentos; e o estudo comparado das medidas adoptadas no ámbito das diferentes CCAA. Trátase dunha fiscalización combinada que incorpora aspectos financeiros, operativos e de cumprimento.

O ámbito temporal estenderase aos últimos cinco exercicios orzamentarios 2013-2016.

II.3.2.3. Informe de fiscalización do endebedamento autonómico

O endebedamento autonómico ten alcanzado nestes últimos anos unha gran relevancia en termos de sostibilidade futura das contas públicas, debido ao seu notable incremento e a complexidade da súa xestión e administración financeira. Tendo en conta as conclusións e recomendacións do informe de endebedamento anterior, referido ao período 2005-2012, nun marco de crise económica e financeira e de restricións aos mercados financeiros considérase oportuno realizar un informe de seguimento da débeda correspondente ao período 2013-2017.

O ámbito subxectivo estará referido ao sector público autonómico, tal e como se vén realizando no informe de Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

O ámbito obxectivo abarcará a análise da sostibilidade de débeda autonómica; da carga financeira; da efectividade das operacións de refinanciamento; da adecuación da organización administrativa, procedementos e sistemas de control; e da composición do endebedamento suscrito e fiscalización individualizada de expedientes de concertación de operacións de débeda.

Trátase dunha fiscalización combinada que incorpora aspectos financeiros, operativos e de cumprimento.

O ámbito temporal refírese aos exercicios 2013-2017, podendo non obstante estenderse a exercicios anteriores aos efectos de conseguir os obxectivos da fiscalización.

II.3.3. ÁREA DO SERGAS

II.3.3.1. Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde correspondente ao exercicio 2016

O obxectivo principal da fiscalización é a análise da liquidación orzamentaria do exercicio, cun plantexamento similar ao de anteriores informes. As actuacións a levar a cabo centraranse na execución do orzamento consolidado de ingresos e de gastos, coa finalidade de determinar a situación económico-financeira do sistema público de saúde de Galicia. Serán obxecto de especial verificación as modificacións orzamentarias e as obrigas pendentes de recoñecer a fin de exercicio.

Por outra banda, examinaranse diferentes aspectos da xestión do organismo, como a evolución do gasto farmacéutico, os concertos e os instrumentos de relación coas fundacións e sociedades públicas sanitarias e o seu financiamento.

II.3.3.2. Informe de fiscalización do gasto farmacéutico derivado da dispensación de receitas médicas, exercicios 2009-2017

A finalidade deste informe é complementar o informe de fiscalización relativo á área da farmacia

hospitalaria aos efectos de ofrecer unha visión global do gasto farmacéutico que ten que afrontar a sanidade pública galega.

Trátase dunha auditoría operativa na que se procederá á avaliación da xestión da prescrición de receitas, analizando aspectos funcionais e organizativos, así como o seu rexistro e imputación contable, e a súa sustentabilidade financeira.

II.3.3.3. Informe de fiscalización da execución da contratación do Sergas, exercicios 2012-2014

A finalidade desta fiscalización é complementar o informe de fiscalización da contratación do Sergas correspondente ao plan de traballo de 2015, estendendo a revisión efectuada aos aspectos relativos á súa execución.

Esta actuación responde tamén ao acordo do Pleno do Consello de Contas do 21 de novembro de 2017 para atender a denuncia formulada pola Asociación Batas Blancas en relación coa execución de tres contratos adjudicados en 2011 polo Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Trátase dunha auditoría de cumprimento, que ten por obxecto verificar a adecuación da execución dos contratos á normativa de aplicación.

II.3.3.4. Informe de fiscalización do Plan de asistencia ao ICTUS, exercicio 2016

O ICTUS ocupa un lugar destacado entre as causas de mortalidade en Galicia, así como de discapacidade permanente en idade adulta, o que xera un importante volume de gasto sanitario.

Esta actuación ten por obxecto levar a cabo unha auditoría operativa do Plan de asistencia ao ICTUS, enmarcado no Plan de Prioridades Sanitarias elaborado polo Sergas para o período 2014-2016.

II.3.4. ÁREA DE INSTITUCIONAL

II.3.4.1. Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2016

O Consello de Contas elabora anualmente un informe sobre a actividade económico-financiera das entidades dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. O Parlamento de Galicia insta de xeito recorrente ao Consello de Contas a manter o carácter periódico deste traballo. O seu obxectivo é analizar a situación económica do sector público instrumental da Xunta de Galicia. En particular, o informe analiza a composición e evolución das entidades dependentes, a transparencia e calidade da información financeira que elaboran, e a súa situación económica e orzamentaria, poñendo de relevo os principais riscos e incertezas que afectan á sustentabilidade orzamentaria.

II.3.4.2 Fiscalización dos criterios de adxudicación e da motivación das contratacións realizadas polas entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega

A finalidade desta fiscalización é complementar a análise sobre a transparencia na actividade contractual das entidades instrumentais que se incluíu no Plan de Traballo de 2017. Ten por obxectivo analizar se o deseño e a aplicación dos criterios de adxudicación dos contratos e a motivación das adxudicacións garante a obxectividade e transparencia na selección do adxudicatario.

O ámbito subxectivo incluírá as entidades instrumentais que se determinarán a partir dos resultados da actuación do Plan de traballo de 2017 mencionada anteriormente. Atenderase os seguintes criterios: volume da contratación; tipo de procedementos que utiliza a entidade; nivel de exposición aos riscos detectados na fase de preparación, adxudicación e execución dos contratos.

Trátase dunha fiscalización de cumprimento que se centrará na revisión dos criterios incluídos nos pregos de modelos tipo así como nos pregos de cláusulas administrativas particulares referidos a unha mostraxe de contratos seleccionados en atención a criterios cuantitativos e cualitativos. Tamén se analizará a motivación da selección da mellor oferta e a efectiva aplicación, na fase de execución, dos criterios que foron valorados para a adxudicación.

O ámbito temporal referirase aos contratos adxudicados no exercicio 2016. Non obstante, a revisión poderá estenderse a exercicios posteriores aos efectos de acadar os obxectivos da fiscalización.

II.3.4.3. Fiscalización sobre a existencia e cumprimento de cláusulas sociais na contratación pública das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega

O Parlamento de Galicia, a través da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, instou ao Consello de Contas para que elabore un informe de fiscalización sobre a existencia e o cumprimento das cláusulas sociais nos contratos de obras, servizos, colaboración público-privada, de concesión de obras públicas e xestión de servizos públicos da Xunta de Galicia.

Atendendo a dita recomendación, a fiscalización dirixirase a verificar o cumprimento da obriga legal de realizar unha contratación pública socialmente responsable.

O ámbito subxectivo alcanzará ás entidades instrumentais do sector público autonómico que teñan a consideración de poder adxudicador.

Trátase dunha fiscalización de cumprimento que se centrará na análise das distintas opcións que se utilizaron para incorporar aspectos sociais nos contratos celebrados polas devanditas entidades e comprobarase o cumprimento das cláusulas sociais na fase de execución dos contratos.

O ámbito temporal referirase aos contratos adxudicados durante o exercicio 2016 ou que estean vixentes nese ano, sempre que tivesen sido licitados con posterioridade á entrada en vigor da Lei 14/2013 do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (16.02.2014).

II.3.4.4 Fiscalización das medidas implementadas polas entidades instrumentais da Comunidade Autónoma para favorecer o acceso das pequenas e medianas empresas (PEMES) á contratación pública

O Parlamento de Galicia, a través da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, instou ao Consello de Contas para que fiscalice os procedementos de contratación das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma prestando especial atención ás posibles trabas que poden estar atopando as PEMES para participar nas licitacións públicas.

Atendendo dita recomendación, esta actuación ten por obxectivo analizar se as entidades instrumentais procuran unha contratación accesible ás PEMES.

O ámbito subxectivo determinarase a partir dos resultados da actuación sobre transparencia na actividade contractual incluída no Plan de Trabajo de 2017, en atención ao volume da contratación e o tipo de procedementos que utiliza a entidade.

Trátase dunha fiscalización combinada que incorpora aspectos operativos e de cumprimento e se centrará na análise das medidas que adoptaron as entidades para fomentar o acceso das PEMES á contratación pública.

O ámbito temporal referirase ás contratacións celebradas a partir da entrada en vigor da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (16.02.2014).

II.3.4.5. Avaliación e análise da situación económico-financeira-patrimonial e orzamentaria dos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario

O Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, nos seus artigos 30 e 31 establece a obriga dos consellos reguladores de elaborar as súas contas anuais e sometelas ao control do Consello de Contas.

Na actualidade ningún dos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario está a render as súas contas ao Consello, a pesar de que nos últimos informes desta Institución sobre as contas rendidas en cada exercicio sinálase a ausencia de rendición tendo en conta a súa consideración de corporacións de dereito público sometidas ao control do Consello de Contas.

Así, o obxectivo fundamental da fiscalización proposta é comprobar a adecuada formación, aprobación e rendición das contas anuais e da liquidación orzamentaria, así como a elaboración de actividades; verificar que a actividade económico-financeira e a xestión dos fondos dos consellos reguladores se axuste á normativa aplicable; e analizar así mesmo as principais magnitudes económico-financeiras daqueles.

O ámbito subxectivo incluírá a totalidade dos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario operativas no exercicio 2017 a analizar, os 26 consellos reguladores tutelados pola Consellería do Medio Rural e o tutelado pola Consellería do Mar.

O ámbito temporal centrarase nas contas do exercicio 2017.

II.3.5. ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS

II.3.5.1. Análise da rendición das contas locais

Tras a firma do convenio suscrito entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia, que tivo lugar o 27 de xuño de 2011, o proceso de rendición de contas por parte das entidades locais de Galicia é único e realízase a través da Plataforma de Rendición de Contas. De acordo co establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, do Consello de Contas de Galicia, a Conta Xeral das Entidades Locais será rendida directamente ao Consello de Contas polo contadante responsable, no modelo e formato normalizado recomendado pola Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado do 28 de xullo de 2006.

Consecuentemente, o Consello de Contas procederá á verificación e supervisión do cumprimento por parte das entidades locais da obriga de rendición de contas, no soporte informático e mediante o procedemento telemático establecido na Resolución do 26 de xullo de 2010 pola que se fai público o Acordo do Pleno do Tribunal de Cuentas do 20 de xullo de 2010, polo que se aproba a modificación da Instrución que regula estes extremos, e na Resolución do Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia do 14 de xuño de 2007.

Este labor de verificación e supervisión dá lugar á catalogación das contas recibidas nas categorías de contas rendidas en prazo ou fóra de prazo, documentación recibida con defectos de tal natureza que impiden a súa consideración como conta rendida, e contas non remitidas.

O resultado desta catalogación e a estatística correspondente será obxecto de publicación na web, no enderezo electrónico <http://www.consellodecontas.es/gl/menu-consello/sector-publico/sector-local>, para xeral coñecemento.

II.3.5.2. Conta Xeral das entidades locais, exercicio 2016

Consistirá na formación da conta xeral das entidades locais, integrando as contas remitidas por aquelas tomando como criterio de integración os ámbitos institucionais e poboacionais, e incluírá:

- Balance de situación.
- Conta do resultado económico patrimonial.
- A liquidación do orzamento de ingresos e gastos.
- O resultado orzamentario.
- O remanente de tesourería.
- Endebedamento.
- Indicadores.

Ofrecerá unha visión global sobre a situación económica do sector público local, incluíndo a capacidade ou necesidade de financiamento do sector durante o exercicio, aforro bruto e neto xerado, resultados orzamentarios e remanentes de tesourería para gastos xerais dispoñibles.

Os informes agregados estarán dispoñibles a través do portal de rendición de contas do Consello de Contas de Galicia, no enderezo electrónico <http://www.consellodecontas.es/gl/menu-consello/sector-publico/sector-local>.

II.3.5.3. Informe do sector público local, exercicio 2016

Consistirá na análise da rendición das contas de cada Corporación local e organismos, entidades e empresas dependentes, e incluírá:

- Análise da aprobación definitiva da conta anual.
- Análise da rendición das contas das entidades locais, co obxectivo de verificar que a presentación das contas se realiza en tempo e forma, e que se cumpren as formalidades esixidas pola normativa aplicable.
- Análise individualizada das contas das entidades locais.

Os informes individuais estarán dispoñibles a través do portal de rendición de contas do Consello de Contas de Galicia, no enderezo electrónico <http://www.consellodecontas.es/gl/menu-consello/sector-publico/sector-local>.

II.3.5.4. Fiscalización selectiva de concellos en función do volume de recoñecementos extraxudiciais de créditos

Os artigos 173.5 e 176 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), impiden facer fronte aos compromisos de gastos adquiridos sen consignación orzamentaria por ser nulos de pleno dereito e prohiben como regra xeral que ao orzamento dun exercicio se imputen obrigas derivadas de prestacións realizadas no exercicio anterior. Dada esta situación, e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración, o artigo 60.2 Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, establece que corresponde ao Pleno a competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, precepto que debe interpretarse de xeito restritivo.

En relación a estas obrigas, a conta "(413) Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento" recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos que non se aplicaron ao orzamento sendo procedente dita aplicación. A persistencia de saldos na conta 413, tras o proceso de afloramento de facturas non pagadas que se produciron como consecuencia dos sucesivos plans de pago a provedores das entidades locais aprobados polo goberno de España, pon de manifesto a debilidade dos procedementos de xestión das entidades afectadas, e constitúe un indicador de risco a ter en conta á hora de seleccionar as entidades a fiscalizar.

No plan anual de traballo do exercicio 2017 incluíase a fiscalización do Concello de Ourense, por superar a porcentaxe que supoñen os recoñecementos extraxudiciais de obrigas (REO) sobre o total de obrigas recoñecidas no exercicio a porcentaxe media das entidades do seu tramo poboacional.

Dado o retraso no inicio desta fiscalización, reprográmase a mesma, de xeito que o ámbito temporal da mesma abarcará ao exercicio 2016.

A fiscalización de regularidade contable realizarase sobre as contas anuais ou os estados contables da entidade fiscalizada, e incluírá a revisión do cumprimento da normativa aplicable nas áreas seleccionadas para a fiscalización en función dos riscos detectados (orzamento, ingresos de dereito público, endebedamento e operacións financeiras, persoal, contratación de obras, servizos e subministracións, ou concesión de subvencións).

II.3.5.5. Fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de máis de 50.000 habitantes.

O artigo 218 do TRLRFL establece que as intervencións locais estarán obrigadas a remitir anualmente ao Consello de Contas a documentación relativa a resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados.

O Consello de Contas de Galicia quere reforzar o control interno das entidades locais, mediante a análise dos reparos e informes efectuados polos interventores, de acordo co previsto nos artigos 215 e seguintes do TRLRFL, tendo en conta a debilidade da función interventora local, no senso de que carecen de órgano xerárquico superior no que apoiarse e teñen unha maior relación de dependencia (disciplinaria e retributiva) da administración local que fiscalizan¹.

Como resultado da posta en común das programacións anuais no ámbito local do Tribunal de Cuentas e dos OCEX, acórdase dar continuidade ás fiscalizacións das resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados polos órganos de intervención das entidades locais que son comunicados a través da Plataforma de Rendición de Contas, decidíndose que a fiscalización afectará ás entidades locais de tamaño poboacional superior a 50.000 habitantes.

O plan de traballo do exercicio 2017 xa incluíu, neste marco de colaboración cos OCEX, a fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados polos órganos de intervención dos concellos de máis de 75.000 habitantes e das Deputacións Provinciais, ámbito subxectivo que o Consello de Contas estendeu todos os concellos de tramo de poboación de máis de 50.000 habitantes. Polo tanto, para non repetir actuación, abórdase unicamente a fiscalización do concello de Ferrol, dado que no exercicio anterior o mesmo non foi fiscalizado por non ter remitido a información relativa ás resolucións e acordos contrarios a reparos.

Os obxectivos da fiscalización serán:

- Verificar o cumprimento da obriga de remitir a información sobre os acordos contrarios a reparos formulados pola Intervención local, os expedientes con omisión de fiscalización previa e as principais anomalías de ingresos das entidades locais do respectivo ámbito territorial. Prestarase especial atención ás entidades que formen parte da mostra seleccionada.
- Determinar as situacións e causas concretas que deron lugar a acordos contrarios a reparos formulados pola Intervención local, a expedientes con omisión de fiscalización previa e ás principais anomalías de ingresos.
- Identificar as áreas de maior risco na xestión das entidades locais que resulte da información remitida polos órganos de Intervención.

En consecuencia, trátase da análise cualitativa e cuantitativa dos tipos de operacións, situacións e causas que deron lugar aos acordos contrarios a reparos e á tramitación de expedientes con omisión

¹ Terase en conta que o día 1 de xullo de 2018 entra en vigor o Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, que regula o réxime de control e configura un modelo consistente co establecido para o sector público estatal.

de fiscalización previa.

II.3.5.6. Informe sobre a actuación das entidades locais de Galicia en materia medioambiental.

Como resultado da posta en común das programacións anuais no ámbito local do Tribunal de Cuentas e dos OCEX, inclúese neste plan de traballo a fiscalización das actuacións en materia medioambiental levadas a cabo polos concellos de máis de 10.000 habitantes. Na medida en que se fan evidentes as consecuencias da acción humana sobre o equilibrio ecolóxico do planeta, as institucións xogan un papel fundamental na adopción de medidas dirixidas a paliar ese deterioro e fomentar novos hábitos nos cidadáns, o que implica a necesidade de incorporar criterios medioambientais en todas e cada unha das facetas da súa acción, o que inclúe tamén ás administracións locais.

Os obxectivos desta fiscalización serán:

- Analizar o cumprimento e aplicación da normativa medioambiental e como está recollida, no marco das súas competencias, en regulamentos e ordenanzas.
- Analizar a planificación de políticas medioambientais e a súa aplicación na xestión municipal e na prestación dos servizos públicos.
- Avaliar a información que a entidade presta aos seus habitantes para colaborar na difusión e adopción de novos hábitos persoais e sociais de mellora medioambiental da conduta.

O ámbito subxectivo abarcará aos concellos de poboación superior a 10.000 habitantes.

O ámbito temporal abarcará o exercicio 2017, sen prexuízo de que se inclúan os anteriores ou posteriores cando sexa preciso para acadar os obxectivos da fiscalización.

III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

III.1. OBXECTIVOS XERAIS

A colaboración coas entidades do sector público autonómico na implantación de programas de prevención da corrupción e integridade e, por outro lado, o fomento na sociedade civil e, particularmente, no ámbito empresarial da transparencia e do comportamento ético nas súas relacións co sector público, son os obxectivos nos que se enmarcan as competencias atribuídas ao Consello de Contas en materia de prevención da corrupción.

Estes obxectivos concréntanse para o exercicio 2018 nas seguintes actuacións:

1. Realizar os traballos de avaliación dos sistemas de prevención nas distintas entidades do sector público da Comunidade Autónoma e realizar un diagnóstico do estado dos sistemas de control co alcance da avaliación realizada.
2. Efectuar recomendacións ás entidades que integran o estudo para que adopten medidas tendentes ao fortalecemento dos seus sistemas de control interno e á implementación de sistemas de prevención da corrupción e integridade.
3. Presentar e promover a sinatura de convenios de colaboración cos órganos da Administración autonómica, así como con outros órganos representativos de diferentes entidades públicas, de cara ao fomento de políticas de integridade e de mecanismos de autorregulación na implantación, control e seguimento dos plans de prevención de riscos da corrupción.
4. Promover un protocolo de colaboración coa Fiscalía Superior de Galicia no que se articulen as medidas de cooperación para a loita integral contra prácticas corruptas no ámbito do sector público autonómico.
5. Elaborar, aprobar e poñer a disposición das entidades as ferramentas necesarias para a implantación de sistemas de prevención da corrupción no sector público autonómico, co fin de garantir unha homoxeneidade conceptual e metodolóxica.
6. Realizar labores de concienciación sobre as consecuencias das deficiencias detectadas e os riscos que comportan.
7. De forma complementaria, considerar na planificación dos traballos de fiscalización a inclusión da avaliación do control interno orientado aos sistemas de prevención, e as fiscalizacións baixo un enfoque de risco.

De forma permanente, o Consello abordará os traballos de asesoramento que se lle soliciten sobre os instrumentos normativos ou internos; a realización de actuacións de alicerce e concienciación no sector público; e actividades de acompañamento, formación e impulso, así como a promoción de instrumentos de colaboración.

III.2. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS

De acordo coas previsións da Lei 8/2015, que outorga estas novas funcións ao Consello, a Institución constituíu a Sección de Prevención da Corrupción e abordou no exercicio 2017 o desenvolvemento regulamentario da súa estrutura, organización e réxime de funcionamento, e puxo en marcha a Comisión Técnica de Prevención da Corrupción e a Unidade de apoio da Sección.

Tamén neste exercicio 2017 se aprobou o documento *Estratexia en materia de prevención da corrupción*, así como as directrices técnicas para a avaliación dos sistemas de control interno, que

constituían o paso previo para o inicio das actuacións programadas no plan de traballo dese exercicio.

Na avaliación dos sistemas de control interno, seguindo a mesma sistemática que nas actuacións de fiscalización, diferéncianse as actuacións en materia de prevención correspondentes ao ano natural das incluídas no plan anterior.

Cadro 2: Actuacións programadas en prevención da corrupción

ACTUACIÓN	PROGRAMA	ÁREA
Avaliación do deseño e implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nos centros da Administración xeral da Comunidade Autónoma	2018	CONTA XERAL
Avaliación do deseño e implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas entidades locais do tramo de poboación de 10.001 a 20.000 habitantes	2017	CORPORACIÓNS LOCAIS
Avaliación do deseño e implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas sociedades mercantís do sector público autonómico da Comunidade Autónoma	2017	INSTITUCIONAL
Avaliación do deseño e implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas entidades dependentes do SERGAS	2017	SERGAS
Avaliación do deseño e implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos na verificación das axudas financiadas con fondos europeos	2017	COORDINACIÓN XERAL
Verificación do control interno sobre o cumprimento por parte dos beneficiarios das condicións esixidas pola normativa aplicable con posterioridade á percepción das axudas financiadas con fondos europeos	2017	COORDINACIÓN XERAL

Remate de actuacións: A actuación referida a Avaliación da transparencia na actividade contractual das entidades instrumentais, exercicio 2015 que figuraba no plan de traballo de 2017, atópase na fase final de elaboración.

A avaliación do deseño e implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos realizarase conforme ás directrices técnicas aprobadas polo Pleno, e abarcará o exame:

- Do entorno de control das entidades, a fin de verificar que fomente a integridade e valores éticos do persoal.
- Da estrutura organizativa, coa finalidade de examinar que definan unha clara asignación de responsabilidades.
- Da identificación das áreas de actividade especialmente vulnerables á corrupción e dos riscos que afectan a integridade institucional.

- Das actividades de seguimento do control interno, a fin de asegurar que garanten a súa efectividade.

Para o desenvolvemento do traballo elaboraranse e remitiranse ás entidades afectadas uns cuestionarios para avaliar a implantación dos sistemas de control interno.

En relación coa verificación do control interno sobre o cumprimento por parte dos beneficiarios das condicións esixidas pola normativa aplicable con posterioridade á percepción das axudas financiadas con fondos europeos, o traballo terá como finalidade verificar, sobre una mostraxe de beneficiarios de axudas, o cumprimento efectivo da realidade da aplicación das subvencións á finalidade prevista pola normativa reguladora e o mantemento no tempo do cumprimento dos requisitos e condicións materiais esixidas aos beneficiarios.

As tarefas que se programan neste Plan de traballo darán lugar ao informe das actividades desenvolvidas pola Sección de Prevención da Corrupción previsto no artigo 20 da Lei 6/1985, que se integrará na memoria anual, que recollerá o resultado das actuacións realizadas e, no seu caso, as propostas de medidas a adoptar para mellorar a xestión económico-financeira do sector público de Galicia.

IV. OUTRAS ACTUACIÓNS

As novidades normativas derivadas da Lei 8/2015, de reforma da Lei 6/1985, do Consello de Contas, e da aprobación do Regulamento de réxime interior, obrigan a abordar outros aspectos organizativos, de planificación e procedemento, entre os que se prevén:

- O desenvolvemento do plan estratéxico da Institución.
- Os manuais de fiscalización.

V. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

O persoal efectivo destinado no exercicio 2018 á realización das funcións de fiscalización e prevención da corrupción, distribuído entre as distintas áreas, é o seguinte:

Cadro 3: Persoal por Áreas

	Coordinación Xeral	Corporacións Locais	Institucional	SERGAS	Conta Xeral
Auditores/as	4	4	3	3	3
Técnicos/as Auditoría	3	4	4	4	4
Axudantes Auditoría	2	1	2	3	2
Auxiliares Administrativos/as	1	3	1	1	1
Secretarios/as	1	1	1	1	1

No exercicio 2017 levouse a cabo a modificación da RPT, que inclúe a creación de catro novas prazas vinculadas ás necesidades máis perentorias de traballo, fundamentalmente no ámbito da prevención da corrupción, e a modificación da forma de provisión dos postos do Consello para adecuala ás esixencias da nova lei, que estableceu como forma ordinaria o concurso específico. Neste momento estanse ultimando as bases dos concursos que permitirán a súa cobertura no exercicio 2018 de acordo con aquelas esixencias.

Neste exercicio 2018 empregaranse como ferramentas de auditoría as aplicacións TEAMMATE e BIRT ANALYTICS, manténdose a aplicación IDEA para a análise de datos.